

DESMONTANDO MITOS ARREDOR DO VEGANISMO E A XENTE RACIALIZADA

Texto orixinal de Sarambi

Tirado de "My vegan-edge is anything but white"

Traducido e maquetado por Distribuidora Anarquista Polaris



O VEGANISMO É UNHA ACTIVIDADE DE CONSUMIDORES PRIVILEXIADOS BRANCOS

Ben, oín e vin esta merda unha chea. Que as persoas veganas son inherentemente brancas, que o veganismo é consumismo, e tamén fan a suposición (racista) de que TODAS as persoas racializadas teñen a mesma cultura monolítica ao redor da explotación e consumo de animais. Teñen acceso as veganas occidentais media a opcións caras e luxosas? Si, pero tamén o teñen o resto de consumidoras, especialmente aquelas que prefiren produtos animais "naturais", "felices", "saudables" e "orgánicos". E cando non o tes? Daquela teste que conformar co que é alcanzable, rico en calorías e tan nutricionalmente equilibrado como sexa posible, como o facemos todas cando nos vemos obrigadas á pobreza. Non é nada novo que a comida e a clase social van xuntas, literalmente dende a fundación de xerarquías e de moitas sociedades estratificadas a vosa "riqueza" tradúcese na vosa dieta. De todos os xeitos, hai tamén unha ampla gama de transfondos de clase dentro da comunidade vegana racializada, aínda que a maioría, como podedes supoñer debido á sociedade, gana bastante menos que a tropa vegana branca occidental. E estánse apañando ben, xa que dende aí están a actuar en resistencia contra o consumismo presionando contra a narrativa colonial racista que di que todas as racializadas comen dunha certa maneira e sempre o fixeron. Non, somos e sempre fomos tan variadas e diferentes como as nacións animais e vexetais*. Non manteñas perezosamente unha narrativa que che entregou xente branca para separar a nosa relación coas plantas e os animais.



* Dentro dalgunhas cosmovisións indíxenas, os animais e as plantas forman as súas propias "Nacións" (as cales van alén da simple taxonomía e fan referencia a comunidades que forman parte dun todo que merece consideración e respecto).


O VEGANISMO É UNHA FORMA DE COLONIALISMO PORQUE O ANTIESPECISMO É UN CONCEPTO OCCIDENTAL.

Agarda, daquela as occidentais de Europa chegan a todas as nosas terras, din que son súas porque o din as súas bandeiras, escravízannos/"refórmannos"/asasinannos, e empezan a convertelas en terras abatidas que matan e danan as nosas relacións durante séculos, e ti dis que a postura en contra da destrución das relacións con outros seres vivos non-humanos perténcelles?

O concepto é seu na medida na que eles crearon activamente o especismo que todas coñecemos hoxe en día. A comprensión que o meu pobo tivo dos animais non humanos é que non son diferentes dos humanos, comparten o feito de están protexidos polos espíritos coma nós, ou que os propios animais son figuras importantes e representativas de cousas que van alén do noso mundo perceptivo. O respecto e o decatarse do feito de que non somos diferentes a outros animais, e que estamos relacionados e deberíamos ser tratados como tales foi unha comprensión propia de indíxenas, como tamén entendemos a terra e as augas. Os colonizadores tiveron éxito rompendo estas conexións e conceptos pola forza, á mantenta, e converteron todas as facetas da terra, a auga e os seres vivos en propiedades, en lugar de en vidas dinámicas honradas e relacionadas entre si. Así que, realmente, é o voso especismo o que é fodidamente colonial.

A LIBERACIÓN ANIMAL NON É REVOLUCIONARIA E NON TEN NADA QUE VER COA ANARQUÍA.

Como pode o acto de interromper un dos maiores sistemas capitalistas, racistas, coloniais e explotadores non ser considerado revolucionario? Por favor, le a historia e a Acta de Terrorismo contra Empresas Animais por completo e logo fálame acerca de por que non é unha cuestión para atacar. De igual maneira que as reformas e a xustiza social non van traernos a liberación total, o veganismo por si só, como forma de consumismo verde occidental, tampouco vai facer unha merda. É por iso que as anarquistas verdes, anticivilización e, en xeral, a xente moi militante, estiveron nalgúns dos ataques máis destrutivos e económica e psicolóxicamente dañinos. Onde me criei principalmente, no PNW, pechouse un gran e rendible comercio de peles de luxo debido aos ataques de compas anticapitalistas, anticoloniais e antiespecistas. Este é o tipo de terror que os autoritarios, o capital e os protectores destas institucións necesitan se nós, como persoas coñecidas coloquialmente como anarquistas, queremos ser máis efectivas para destruír todo o que este tipo de sociedade representa.



NON HAI NADA DE MALO EN CAZAR, OS POBOS INDÍXENAS FIXERONO DURANTE ANOS.

Es indíxena?, realmente criado como indíxena, coñecedor dos teus pobos, aceptado polos devanditos pobos e non baseando a túa identidade unicamente no sangue cuántico?, non? Daquela, por favor, retrocede. Se o es, *mba' éichapa! Ha upei?* Temos que falar, vale? Xenial, daquela falemos sobre a caza. Cazar tiña maldito sentido dentro dun certo período. Agora, grazas á colonización das nosas áreas ancestrais, os xenocidios entre nós como pobos indíxenas e a nosa terra ancestral, a auga e, si, os animais non humanos, están vinculados grazas ao capitalismo colonialista. Non temos tempo para matar as nosas relacións agora! Ademais, veña, mira como estas tradicións foron contaminadas polos colonos, eliminando o bisonte e moitas especies agora extintas, especialmente das áreas orientais, destruíndo orcas, focas, salmóns, aguias, coiotes, lobos, etc., e iso é só no territorio identificado colonialmente como América do Norte. Deixemos de darlles ideas e comecemos a respectar a vida dabondo como para que se equilibre e prospere unha vez máis.

AS DIETAS DAS NATIVAS PRECOLONIAIS ESTABAN PRINCIPALMENTE BASEADAS EN PRODUCTOS ANIMAIS

Vaites! Máis estereotipos racistas e coloniais homoxenizando a milleiros de millóns de persoas que viviron e aos pobos que sobreviven. A evidencia e os pobos indíxenas vivos que levan unha vida tradicional saben que ningunha das nosas dietas era idéntica, baseábanse no que había dispoñible. Daquela, por exemplo, eu non agardo que as tribos nas chairas do norte teñan as mesmas bagas, cítricos e vexetación que o meu pobo no sur do Amazonas. Con todo, tamén é moi revelador que en moitas culturas e estruturas o consumo de carne era algo raro, salvo para a elite principalmente en ocasións especiais. Realizáronse investigacións dietéticas, por exemplo, con momias e cadáveres nas montañas dos Andes e a Patagonia, que amosan que a xente común comía principalmente vexetais e amidóns e usaba materiais a base de plantas. Isto trasládase mesmo a América do Norte, con tribos orientais que subsisten na gran variedade de cabazas, noces, froitas e materia vexetal. Claro, isto podería non trasladarse a todas as tribos, pero como dixen, non somos un pobo monolítico como os colonizadores queren facernos crer que somos.



O VEGANISMO É CLASISTA PORQUE A COMIDA VEGANA É CARA E INALCANZABLE EN COMUNIDADES POBRES

Lembras o que dixen ao principio sobre que o consumismo é clasista en todas as súas formas?, e a conexión co acceso a carne das elites nos principais imperios aborixes? Así que, de novo, a comida apta para veganas sempre existiu e foi alcanzable. Calquera comida vexetariana de certas tradicións non occidentais (mirando ao Leste, ao Sueste, ou ao Sur de Asia, a Oriente Medio, ao Leste de África, e, si, tamén ás comidas latinoamericanas e indíxenas) está baseada unicamente en ingredientes baratos como legumes, arroz, unha ampla variedade de vexetais e fermentos comúns ou pouco comúns, e cousas como tofu, froitas, artigos glutinosos e fungos, así como pans planos, fideos, pasteis. A cousa é que estes produtos son baratos, enchen (se nunca tiveches que vivir de arroz con fabas porque o soldo esgotouse, vale) e máis nutritivos para a inxesta calórica que os produtos de orixe animal. Unha dieta máis saudable, vexetal e as dietas decoloniais demostraron o seu éxito combatendo enfermidades que afectan principalmente a persoas racializadas e comunidades pobres en Occidente tales como as enfermidades cardiovasculares, diabetes tipo 2, hipertensión e desordes gastrointestinais así como tamén en manter unha boa saúde en enfermidades crónicas xunto coa actividade física. Aforrar diñeiro ao non necesitar pagar ou ser perseguida por facturas médicas soa bastante ben. NÓS non necesitamos comer merda elegante para ser veganas, porque sempre levamos xuntas estas cousas e o coñecemento. Esta sociedade tratou de arrincárnolo ou de facer que traballemos por iso, así que loita de calquera xeito, por calquera medio, contra ela.

A CAZA E A RECOLECCION SON UNHA FORMA DE RESISTENCIA ANTICOLONIAL, POR ISO O VEGANISMO NON PODE SER DESCOLONIZADOR

A caza aínda non era un punto focal da gran maioría de pobos indíxenas a menos que non houbose outras opcións (por exemplo, no Ártico/Afastado Norte, illas do Pacífico, algunhas habitantes do deserto...). As grandes ideas de cazadores-recolectores teñen unha base colonial, xeralmente na época en que o romanticismo dos pobos indíxenas era o máis moderno. Parte da descolonización e reequilibrio da nosa relación coas nacións animais terá que involucrarnos nun reaxuste, xa que estamos nun punto de crebe ecolóxico onde moitas de nós non podemos cazar ou mesmo cultivar alimentos pola destrución. É desafortunado, pero as nosas antepasadas non tiñan unha contorna de 523 anos de mal uso, envelenamento, caza sen sentido/extinción masiva (particularmente para as miñas terras, xa que o bosque amazónico e subamazónico foi destruído de como estaba a prosperar), inserte aquí a maioría de cousas que os colonizadores aínda están a facer. Os meus pobos comprenden os protectorados e os espíritos para todo, e eu persoalmente respectei a supervivencia e a existencia das vidas e os seus espíritos como un desafío aos espíritos malignos dos ocupantes estranxeiros. Todas nos negamos a morrer ata o de agora. Moita da nosa xente tamén cazan como os forasteiros, como vin aquí relacionado coa pesca, que é precaria debido á sobrepesca, as represas e a degradación da auga pola agricultura, o lecer e o consumo dos forasteiros, (grazas, xente branca!). Algunhas xa non están a pescar aquí pola necesidade de restaurar e defender. É un equilibrio complicado que nós, como persoas desta terra continental, debemos estar á vangarda debido ao dramáticamente que nos afectou. E defender, preservar e protexer neste momento significa facer o mesmo coas nosas relacións non humanas.